

FASE 2 (14 A 17 ANOS)



Ola novamente a todos!

Vistes os debuxos, fotos e demais obras de arte publicadas polos demais grupos? Iso si que é unir creatividade e denuncia. Realmente todos somos capaces de ver os problemas que existen na nosa sociedade.

O Muro

Unha vez vistos os problemas, necesitamos entender as causas, como se orixinou todo.

Axudaranos moito ver este vídeo.

ACTIVIDADE 1

A historia das cousas



Unha vez visto o vídeo, reflexionade tendo en conta estas preguntas:

- Podedes identificar as fases da cadea de produción
- Por que a cadea de produción actual non é sustentábel?
- Como afecta este sistema a igualdade entre todas as persoas?
- Quen aproveita os recursos extraídos? Quen non?
- Quen credes que son responsábeis por que o sistema funcione así?
- Podemos dicir que este sistema comporta desenvolvemento e crecemento?

ACTIVIDADE 2

Agora propóñovos que investiguedes un pouco por grupos. Os temas serán os seguintes:

- Desigualdade na distribución da riqueza entre as persoas/países do mundo.
- Explotación laboral por parte de empresas ou corporacións.
- Sobreexplotación dos recursos naturais por parte dalgunha empresa ou corporación.

Deberedes encontrar polo menos un exemplo que reflicta a temática do voso grupo. Aquí fornecemos espazos especializados en información e denuncia destas situacións:

- WWF (World Wild Fund)
- OXFAM
- Greenpeace
- UNICEF
- Save the Children

Para cada problemática, debedes identificar e analizar as seguintes cuestións:

- Descrición xeral da situación: lugar, colectivos implicados, problema principal.
- Que ámbito é máis afectado: o social ou o medioambiental? Ten repercusións nos dous? É fácil definir cada problema como social ou medioambiental?
- Cales son as causas probábeis do problema? Cando e onde xorde?
- Quen son os responsábeis detrás dos problemas?

Completrade este mapa mental ou facede o voso propio. É moi importante que todos os puntos sexan completados para terdes unha imaxe completa da situación.

Descargar

Unha vez terminados os mapas mentais, podedes compartilos no muro.

O Muro

ACTIVIDADE 3

Agora que coñecedes perfectamente unha situación que se está a vivir na actualidade, trataredes de elaborar unha peza teatral moi breve (dun a tres minutos, máximo) que permita ver algúns aspectos da situación analizada no mapa mental e outros que non vimos, como son as consecuencias.

É importante que sexades creativos. O obxectivo é que traballedes as situacións desde un punto de vista persoal e emocional.

Isto chámase “teatro simultáneo e periódico”, e é outra forma de denuncia artística.

Unha vez terminada cada obra, reflexionade e debatede sobre o que coñecestes a través destas actividades. Seríades capaces de elaborar unha conclusión grupal desta fase? Pensade nos problemas propostos, nas súas causas, consecuencias, prexudicados e responsábeis. Tamén que emocións vos xurdiron ao interpretar e ver as obras. Todo isto irá axudarvos despois a realizar o voso vídeo.

O que pensamos e sentimos

Enviar

ACTIVIDADE OPCIONAL

Existen moitas formas distintas de denunciar os desequilibrios do sistema. Propóñovos que vexades a curtametraxe documental *A illa de flores*, que, a través do humor e da ironía, denuncia algúns aspectos discutidos até agora. O narrador do corto é un extraterrestre que observa con curiosidade o comportamento humano.

A illa de flores



Despois de ver o documental, debatede as seguintes cuestións:

- Cales credes que son os aspectos do vídeo que se relacionan co problema da sustentabilidade social e ecolóxica que estamos a tratar?
- Vese reflectida a cadea de produción que vimos no vídeo anterior?
- Que ten máis importancia no documental: o aspecto humano ou o económico?
- Credes que sempre se cultivou para vender? Se non for así, para que se cultivaba?
- Por que non poden comer antes do que os porcos as persoas pobres que aparecen no final? O que di o vídeo? Que credes vós?
- Poderíades enumerar cinco problemas principais que fagan que a situación do documental sexa insustentábel social e ambientalmente.

Podedes colocar no muro a resposta ás preguntas, de forma que poidades compartilas e consultar tamén as respostas doutros grupos.

O Muro

FASE 4 (14 A 17 ANOS)



Xa case estamos no final da nosa aventura.

Agora só falta pórmonos creativos e delinear o noso vídeo.

ACTIVIDADE 1

Propóñovos que busquemos vídeos no YouTube, no Instagram ou noutras redes sociais de organizacións que traballen para unha mudanza no sistema. Neste momento, con certeza coñecedes varias. Así veredes exemplos de vídeos como o voso e poderedes tomar ideas.

Aquí, deixámosvos 3 moi diferentes.



Amnistía Internacional



Oxfam Gran Bretaña



Greenpeace

ACTIVIDADE 2

O vídeo pode incluír:

- Mensaxe sobre o que entendemos por un mundo futuro próspero onde todas as persoas poidan vivir ben.
- Que problemas principais encontramos no mundo actual, de tipo social e medioambiental, e como se relacionan.
- Quen son/somos os responsábeis por eses problemas e o que debemos facer para mudar o curso actual do sistema.
- Que compromisos persoais tomamos para mudar a nosa actividade diaria como grupo e contribuír para a mudanza.

Aquí tedes algúns recursos que vos axudarán a realizar o vídeo. Evidentemente, non é necesario que sigades todos os pasos!! É só unha guía para vós.

<http://www.bloguismo.com/pasos-elaborar-video/>

Finalmente, haberá que gravalo. Toda a información que necesidades para crear o vídeo está dispoñíbel nas vosas reflexións, xa que as fostes recompilando á medida que íamos traballando. Todo está aquí:

AS NOSAS REFLEXIÓNS

Non vos esquezades de colocalo no BLOG despois de gravado. Así, todas as persoas que participaran en Conectando Mundos o poderán ver. Debedes colocalo coa etiqueta #Looking4change. Ademais, tamén poderedes consultar os vídeos e outros traballos finais de todos os grupos.

Blog


FASE 5 (14 A 17 ANOS)

Chegamos ao final da nosa colaboración. É fantástico que chegásedes até aquí. Agora só falta que continuemos xuntos a loita. Iso si, o que comezamos nestes días non termina aquí, debemos continuar para que teña un valor real.

Para continuar a concienciar o resto do mundo, no 22 de abril, no Día da Terra, realizaremos todos algo moi especial. Será un día de acción global e o emblema será a **Árbore da Vida**.

Na maioría das culturas antigas e indíxenas, a árbore ten un espazo fundamental. Os antigos mexicas, ou aztecas, crían en árbores sagradas capaces de captar o eco do cosmos. Para os celtas, a árbore sagrada era o pilar central do mundo. Na Biblia e na Cábala, tamén teñen un lugar de preferencia. Buda encontrou a sabedoría sentado baixo unha árbore. Os pobos orixinarios da América do Norte chaman irmáns e irmás ás árbores. As mulleres dalgúns pobos nómades do Oriente Próximo se tatuaban árbores no ventre para propiciar a fecundidade. Na antiga civilización exipcia, as árbores eran consideradas un nexo de unión entre a vida e a morte...

A árbore é un símbolo da Natureza, mais tamén fai parte das culturas do mundo. É un nexo de unión entre todas as persoas e de todas as persoas coa Terra. Por iso, será a nosa imaxe no día 22.



Por ello será nuestra imagen el día 22.

Cada aula debe crear unha Árbore da Vida. Pode pintala, esculpila, formala co corpo, deseñala por computador; debuxala nunha parede; compola con palabras; fotografala mentres o abrazamos... A vosa creatividade é o límite. Non importa se é un gran cacto rosa ou un diminuto salgueiro chorón feito de escarvacentes.

Cantas máis formas, máis especies, máis cores, máis tamaños consigamos entre todas e todos... mellor!!

Despois debedes colocalo no BLOG coas etiquetas #Earthday e #Conectandomundos. Parece algo moi simple, mais facendo esta árbore comprometédesvos coa vida, co planeta, con todas as persoas e seres vivos que o forman. Comprometédesvos a traballar por un mundo máis xusto e sustentábel.

E, se podedes, que todos o vexan! No centro, nas vosas familias, entre as vosas amizades... Que o contorno se encha de árbores da vida. Por iso, dicimos que é un Día de Acción Global. Que todos teñan coñecemento do noso descontento.

E se non queredes que sexa a vosa única acción, senón que desexades facer algo máis... Fantástico!

Para mostrar o voso compromiso, podedes facer unha protesta fronte ao voso Concello ou Concellaría; ocupar unha praza próxima con pancartas para concienciar a veciñanza, saír a un espazo natural e limpalo, organizar unha actividade de concienciación nun centro cívico ou cultural, presentar unha obra de teatro sobre este tema nas rúas da vosa vila ou cidade, realizar unha batucada... Tamén podedes unirvos ao movemento estudantil *Fridays for Future*, que posibelmente organice eventos de protesta nalgún espazo próximo de ti porque xa está por todo o mundo.

Agora debo marchar novamente a Katmandú. Alí, moitas mulleres necesítanme. Hai moito camiño por facer.

Unha forte aperta e até a próxima.